

# PLAN ACHEGA: AXILIZACIÓN ADMINISTRATIVA 2014-2016

Vicepresidencia e Consellería de Presidencia,  
Administracións Públicas e Xustiza

Consello da Xunta

27 de febreiro de 2014



## ÍNDICE

1. PRESENTACIÓN .....	2
2. ANTECEDENTES NO ÁMBITO EUROPEO E NACIONAL.....	4
3. ANTECEDENTES NO ÁMBITO AUTONÓMICO DE GALICIA .....	6
3.1. Guía do cidadán.....	7
3.2. Plan de Modernización da Xunta de Galicia .....	7
3.3. Administración electrónica .....	8
3.4. Simplificación e redución de cargas administrativas .....	10
3.5. Guías de simplificación administrativa. ....	13
3.6. Lei de racionalización do sector público autonómico. ....	14
4. SITUACIÓN ACTUAL .....	14
4.1. Sede electrónica .....	14
4.2. Simplificación administrativa e redución de cargas .....	19
4.3. Redución dos tempos de resposta .....	21
5. PLAN ACHEGA: OBXECTIVO .....	24
6. LIÑAS DE ACTUACIÓN .....	25
6.1. Revisión de procedementos administrativos.....	25
6.2. Simplificación de procedementos e trámites.....	26
6.3. Impulso da Interoperabilidade. ....	27
6.4. Impulso do mercado interior. ....	29
6.5. Adaptacións normativas. ....	30
6.6. Seguimento das actuacións previstas no Plan: .....	31





## PLAN ACHEGA: AXILIZACIÓN ADMINISTRATIVA 2014-2016

### 1. PRESENTACIÓN

As Administracións Públicas teñen ante se o reto de facilitar aos cidadáns e ás empresas un acceso aos servizos públicos áxil, sinxelo e cos menores custos posibles. No contexto económico actual, esta é se cabe, unha das necesidades mais imperiosas, demandadas tanto pola cidadanía como polas empresas para a reactivación do tecido produtivo. Neste senso, son dúas as claves dunha prestación de servizos mais eficiente:

- A **modernización** das administracións mediante a incorporación das novas tecnoloxías e metodoloxías ao ámbito público, facilitando o acceso electrónico do cidadán aos servizos públicos.
- A **simplificación** da tramitación administrativa, reformulando novas posibilidades de actuación administrativas e da súa posible substitución e supresión, eliminando e reducindo obrigas innecesarias ou redundantes, e axilizando as relacións entre a administración e o administrado.

Con este compromiso e como un avance claro de cara á consecución de maiores resultados neste ámbito, o pasado 27 de xaneiro de 2014 publicouse a **Lei de racionalización do sector público autonómico** cuxo obxectivo fundamental é a racionalización de todo o sector público autonómico e da actividade administrativa, así como a adopción de medidas dirixidas a unha maior eficiencia do gasto e á mellora da xestión do sector público autonómico. Unha decidida aposta pola racionalización, simplificación e pola procura dunha Administración mais útil para todos.

Así, recóllese por primeira vez nunha norma con rango de lei as pautas de mellora, en resposta aos mandatos da Comunidade Europea, dirixidas á





simplificación documental dos procedementos administrativos, á xeneralización do uso dos medios electrónicos e á redución das cargas administrativas.

Neste contexto xorde o presente **Plan de Axilización Administrativa 2014-2016 (PLAN ACHEGA)**. Un Plan que, mediante o establecemento e implantación dunha serie de metas, pretende alcanzar un máximo grao de achegamento da administración á cidadanía, unha administración máis eficaz e que ofrezca menos cargas para os nosos cidadáns e empresas. En definitiva garantir que as relacións da administración cos cidadáns e empresas sexan simples, áxiles e rápidas. Metas nas que as novas tecnoloxías e os medios electrónicos xogan un papel fundamental para gañar en axilidade, en redución de cargas administrativas e en supresión de solapamentos e redundancias.

Así pois este Plan incorpora unha serie de **actuacións a desenvolver de forma inmediata e no marco temporal 2014-2016**, que levarán:

1. A potenciación da sede electrónica da Xunta de Galicia mediante a culminación do proceso de incorporación na sede electrónica de todos os procedementos administrativos que a administración galega pon a disposición da cidadanía na Guía de procedementos e servizos.
2. A redución dos trámites administrativos e da documentación requirida, e no seu caso, a supresión dos mesmos cando sexan innecesarios. E isto posto que a racionalización administrativa debe ser o punto de arranque para que a documentación que actualmente se ve obrigado a presentar o cidadán se vexa reducida ao imprescindible.
3. A redución dos tempos de resolución dos procedementos que será a clave para unha maior celeridade e axilidade da acción administrativa situando ao cidadán como centro da súa actividade e satisfacendo as súas demandas nun menor prazo de tempo.





4. A elaboración dun novo regulamento que supere o existente, que avance na simplificación documental na tramitación dos procedementos administrativos, co obxecto de reducir as cargas administrativas, evitar duplicidades e solapamentos, axilizar a actuación administrativa e mellorar a prestación de servizos públicos.

## 2. ANTECEDENTES NO ÁMBITO EUROPEO E NACIONAL

A nivel europeo, a simplificación administrativa constitúe o eixo central das iniciativas e actuacións tendentes á renovación dos servizos públicos europeos.

Así, a Estratexia Renovada de Lisboa (2001), identificou xa unha serie de medidas necesarias para a mellora e simplificación da regulación das empresas, poñendo en marcha a denominada “Better Regulation” sinalando como eixo da súa actuación normativa a redución das cargas administrativas, orientado a aliviar o esforzo que teñen que realizar as empresas e os cidadáns nos seus trámites coas Administracións Públicas. Dito Plan ten como obxectivo fundamental a redución das cargas administrativas no ámbito europeo nun 25%.

Consecuencia deste obxectivo europeo, o Goberno central ampliou este compromiso para acadar unha redución dun 30% das súas cargas administrativas en todo o territorio estatal.

Deste xeito e en cumprimento deste compromiso o Estado e as CCAA aprobaron un Modelo de Custos Estándar (MCE), comunmente denominado **Método Simplificado** co obxectivo de reducir as cargas administrativas e a medición deste impacto nos cidadáns e empresas, con cuxa aplicación se permite calcular o aforro que a simplificación administrativa comporta.

Este modelo pois aséntase nunha mellor regulación normativa e, sobre todo, no nivel de tramitación electrónica dos procedementos e servizos, **dito noutras palabras, a máis tramitación electrónica máis redución de cargas**



## administrativas e menores custos para a cidadanía nas súas relacións coa Administración.

Neste marco, considéranse cargas administrativas, as actividades de natureza administrativa que deban levar a cabo as empresas ou cidadáns para cumprir coas obrigas derivadas da normativa. O exemplo mais claro é a presentación de documentación perante á administración.

Pola súa banda, a Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior estableceu como obxectivo común a todos os Estados membros, a simplificación administrativa orientada principalmente á supresión dos réximes de autorización, procedementos e formalidades excesivamente custosas que obstaculicen a liberdade de establecemento e a libre circulación de servizos no ámbito comunitario.

Ademais, dita directiva regulou á Ventanilla Única como "un punto único de acceso", desde o que prestadores e destinatarios de servizos obteñan a información necesaria para o acceso e exercicio ás súas actividades de servizos, e desde onde se poidan realizar os trámites a distancia por medios electrónicos, todo iso sen que ningunha Autoridade Competente perda a súa competencia sobre o trámite.

Na mesma liña, o contexto normativo estatal establecido pola Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, impulsou unha nova concepción ao basear a súa regulación sobre **o dereito dos cidadáns a utilizar os medios de comunicación electrónica para relacionarse coa Administración e exercer os seus dereitos**. Este singular punto de partida que pon ó cidadán e ós seus dereitos na base de todo significa a imposición dun **compromiso xurídico de incorporar as tecnoloxías da información á totalidade das funcións administrativas**.





Esta lei inclúe disposicións encamiñadas a facer máis sinxelo o trato das empresas coa Administración e desenvolve os dereitos dos cidadáns ante a Administración electrónica, que poden agruparse en tres categorías:

- Eficacia ou obtención de resultados: non duplicidade, identificación e certificación.
- Eficiencia ou eficacia ao menor custe: acceso, seguimento e trazabilidade.
- Maior democracia dentro da sociedade do coñecemento: información, seguridade e calidade.

Así mesmo potencia a interoperabilidade entre Administracións, a presentación electrónica de solicitudes e documentación adxunta, a implantación da notificación electrónica, a consulta a distancia de expedientes e a posibilidade de pagos electrónicos, entre outros.

### 3. ANTECEDENTES NO ÁMBITO AUTONÓMICO DE GALICIA

O Goberno da Xunta de Galicia ten dentro dos seus eixes de actuación impulsar a modernización e a innovación tecnolóxica co obxecto de potenciar a mellora da calidade do servizo ofrecido á cidadanía, convertendo á Xunta de Galicia nun modelo de referencia para o desenvolvemento da sociedade da información en Galicia en todos os seus ámbitos.

Con esta finalidade, a Xunta de Galicia ven traballando de forma pioneira nun proceso de modernización, racionalización e simplificación nas súas relacións cos cidadáns garantindo unha maior proximidade e facilidade nas relacións á hora de dirixirse cara a administración galega. Destacan a continuación aquelas actuacións que teñen unha maior incidencia no ámbito que nos ocupa:





### 3.1. Guía do cidadán

A Xunta de Galicia, xa no ano 1993, publicou a Orde de 9 de novembro dese mesmo ano, da entón Consellería de Presidencia, sobre a tramitación e publicación de disposicións de carácter xeral que afectasen aos procedementos administrativos a instancia de parte da Administración autonómica de Galicia.

O obxectivo desta orde, foi a creación da “Guía do Cidadán” e iniciar a tramitación electrónica dos procedementos administrativos a través do entón denominado SISTEMA DE XESTIÓN DE PROCEDIMIENTOS ADMINISTRATIVOS (SGPA).

Como consecuencia disto, a Xunta dispuxo xa dende o ano 1993 dunha Guía que recolle todos os procedementos administrativos que poden ser solicitados polos cidadáns á Xunta, converténdose así na Primeira Administración Pública do Estado que dispuxo dun instrumento desta natureza.

### 3.2. Plan de Modernización da Xunta de Galicia

Os cambios tecnolóxicos e o novo contexto normativo establecido pola Lei estatal Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, impulsou unha nova concepción ao construír a súa regulación sobre a base do dereito dos cidadáns a utilizar os medios de comunicación electrónica para relacionarse coa Administración e exercer os seus dereitos. Este singular punto de partida situou ao cidadán na base de toda actuación administrativa e trouxo consigo o compromiso de incorporar as tecnoloxías da información á totalidade das funcións administrativas.

A Xunta de Galicia, en liña con este compromiso, aprobou así en xuño de 2010, **o Plan de Modernización da Administración Pública de Galicia** liderado pola Axencia Galega de Modernización Tecnolóxica (AMTEGA), que tivo como obxectivo o desenvolvemento efectivo da Administración Electrónica na Xunta de







Galicia e as súas entidades dependentes, facendo efectivos os dereitos e deberes que resultan da devandita Lei 11/2007.

Este Plan asentouse na base de que a incorporación de técnicas electrónicas no procedemento administrativo ou na actuación administrativa ten a perspectiva común da utilización destas como elemento de mellora da xestión pública, de achegamento da Administración pública aos cidadáns, de mellora no tratamento da información e, en xeral, polo tanto, de consecución do obxectivo xeral de eficacia previsto no artigo 103.1 da CE.

### 3.3. Administración electrónica

Tendo en conta este novo marco, a Comunidade Autónoma Galega aprobou o Decreto 198/2010, de 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes, iniciando a transformación da organización e da actividade administrativa, así como por un reforzamento da participación cidadán dunha Administración moderna e eficiente, polo que recolleu entre outros, os seguintes fitos:

- **Sede electrónica da Xunta de Galicia:**

O decreto recolleu a obriga de crear a **Sede electrónica** na Xunta de Galicia, como canle principal de relación do cidadán coa administración, e a incorporar nela os servizos que ofrece a administración galega. Deste modo, a través da **Orde de 15 de setembro de 2011 da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, creouse de forma pioneira en Galicia, a Sede electrónica para a totalidade dos órganos da Administración xeral e das entidades instrumentais do sector público autonómico.

Está operativa dende setembro de 2011 baixo a titularidade da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e





Xustiza que é a responsable de elaborar e manter actualizada a relación dos procedementos e servizos que se poñen a disposición da cidadanía e dos empregados públicos nesta sede, así como dos contidos nela publicados.

A sede electrónica pois, facilita o acceso dos cidadáns por medios electrónicos aos procedementos administrativos e servizos eliminando as barreiras que limitan este acceso, dando lugar a unha nova forma de relacionarse coa administración galega, sen condicionantes, nin horarios (as 24 horas e os 365 días do ano) e coa máxima seguridade.

- [Guía de procedementos e servizos:](#)

O decreto 198/2010, supuxo a substitución da antiga Guía do cidadán pola Guía de procedementos e servizos da Administración Pública de Galicia. Configúrase pois como o instrumento transversal de referencia que recompila e describe todos os procedementos administrativos e servizos existentes a disposición e interese para a cidadanía facilitando toda a información sobre os mesmos e permitindo a súa tramitación. Trátase do instrumento idóneo caracterizado pola calidade da información en condicións de exactitude, veracidade, axilidade, seguridade xurídica, actualización permanente e vixencia.

- [Cartafol do cidadán ou carpeta do cidadán](#)

Os cidadáns poden coñecer, a través deste servizo, o estado dos trámites coa administración galega mediante o acceso a través dunha conta restrinxida e confidencial aos seus procedementos administrativos. Así, as persoas interesadas, poden consultar o estado de tramitación do seu procedemento, a relación dos actos de trámite realizados, a indicación do seu contido, así como a data na que foron ditados. Ademais, os cidadáns tamén poden almacenar no cartafol os documentos que sexan de interese para a súa posterior utilización.





#### - **Comunicación e notificación electrónica**

A Xunta de Galicia conta, desde o pasado mes de decembro, cun sistema de comunicación e notificación electrónica cos cidadáns que así o soliciten ou o consintan expresamente, grazas ao impulso e utilización dos medios electrónicos que axilizan as nosas relacións e trámites administrativos.

#### - **Interoperabilidade**

A posta en marcha na nosa Administración do Portal de Interoperabilidade, facilitou o intercambio de información entre as administracións públicas mediante a utilización das tecnoloxías da información. Deste xeito garántese o dereito dos cidadáns de non achegar documentos que estean en poder da Xunta de Galicia ou doutras Administracións Públicas, facilitar a labor dos empregados públicos e mellorar o servizo ofrecido ao cidadán, xa que non deberá presentar a mesma documentación de forma recorrente.

### **3.4. Simplificación e redución de cargas administrativas**

A posta en marcha da sede electrónica deu cumprimento ao compromiso do Goberno galego de reducir as cargas administrativas que implican a presentación de trámites en papel, entendendo por carga as obrigas impostas á cidadanía nas súas relacións coa administración.

Así, unha vez creada e en funcionamento a sede electrónica, o 16 de xaneiro de 2012, publicouse a **Orde de 12 de xaneiro de 2012, pola que se regula a habilitación de procedementos administrativos e servizos na Administración xeral e no sector público autonómico de Galicia**. Unha orde que obrigou a que toda norma que regula un procedemento que se publique no Diario Oficial de Galicia, reduza os trámites, tanto obrigatorios coma voluntarios, que se lle esixen a un cidadán ou a unha empresa.





Para iso, os órganos con competencias horizontais en materia de Administración electrónica e simplificación de procedementos administrativos (AMTEGA e DXARA) comezaron a efectuar unha análise dos aspectos tecnolóxicos e funcionais dos procedementos administrativos ou servizos coa finalidade de proceder a devandita habilitación para a incorporación á Guía de procedementos e servizos da Administración Pública de Galicia.

Deste xeito, dende a entrada en vigor desta orde, realízase unha previa descrición e análise dos procedementos administrativos co obxecto de coñecer a forma efectiva de tramitación. Así, **analízanse todos e cada un dos seus trámites** coa finalidade de axustar a súa tramitación desde tres puntos de vista:

- **LEGALIDADE:** xa que a norma reguladora do procedemento ou servizo debe cumprir todos os requisitos formais e materiais que a normativa reguladora en materia de simplificación e racionalización esixe.
- **EFICACIA:** para eliminar todos os trámites superfluos que incrementan a duración estimada de resolución, coa finalidade de elevar o número de expedientes resoltos no mesmo horizonte temporal.
- **EFICIENCIA:** para exixir só os documentos ou datos que sexan estritamente necesarios para a Administración á hora de resolver cada procedemento concreto, e que a Administración non poida obter polos seus propios medios. A finalidade é a de reducir ao mínimo todas as actividades de natureza administrativa que deben levar a cabo as empresas e a cidadanía para cumprir coas obrigas derivadas das normas reguladoras de procedementos administrativos ou servizos e que non farían de non viren impostas por estas.

É a partir da entrada en vigor da citada Orde de 12 de xaneiro de 2012, cando se pon en marcha en Galicia a aplicación do Método de Medición e Redución das Cargas Administrativas a través do **Plan REDUCE**, que supón o inicio da redución de barreiras e cargas exigible a cidadáns e empresas nos





procedementos que teñen á súa disposición na Guía de procedementos e servizos.

Así, para a medición das cargas administrativas se teñen en conta dous criterios diferentes, criterios para a medición do custo directo das cargas e criterios de medición do custo agregado da redución.

- **Criterios de medición do custo directo das cargas:** Son aqueles que permiten cuantificar o esforzo realizado polos interesados, empresas e cidadáns. Están asociados a determinadas actuacións que se deben realizar para iniciar calquera procedemento administrativo, tales como a presentación dunha solicitude, a realización de auditorías, a elaboración de informes ou memorias, entre outros.

Estes criterios permiten a súa vez, ter en conta o grado de implantación da administración electrónica posta a disposición dos interesados. Por exemplo: a presentación telemática dunha solicitude ou a presentación de documentación de forma electrónica.

- **Criterios de medición do custo agregado da redución:** Son aqueles que están relacionados con actuacións de simplificación e racionalización de procedementos administrativos e información aos interesados executados pola Administración. Estas actuacións levan asociado un beneficio para o interesado á hora de iniciar calquera procedemento administrativo. Por exemplo: campañas informativas, redución dos tempos de resposta, implantación de procedementos de resposta inmediata, etc.

Deste xeito, este método de redución de cargas que se ven aplicando dende o ano 2012 na Administración galega, identificou a **presentación e os tempos de resolución** como dous puntos clave onde se pode axilizar, simplificar e reducir a carga administrativa para a empresa ou o cidadán.





Por este motivo, a **potenciación da sede electrónica, a redución dos prazos de resolución, a simplificación documental e de trámites administrativos** configúranse como **obxectivos fundamentais** que van a permitir conseguir un máximo grao de achegamento da administración á cidadanía, xa que deste xeito, os cidadáns non teñen que presentar as súas solicitudes nas oficinas de rexistro, podendo envialas directamente dende os seus domicilios, se se trata de cidadáns, ou dende as oficinas da empresa, no caso destas. Ademais, e coa minoración dos tempos de resposta, axilízanse as relacións entre a administración e a cidadanía que verá atendidas as súas pretensións nun menor prazo de tempo.

### 3.5. Guías de simplificación administrativa.

O éxito das iniciativas anteriores, levaron a que o pasado 25 de abril de 2013, o Goberno galego aprobase a **Guía de textos e formularios normalizados e a Guía de habilitación electrónica de procedementos administrativos na Administración Xeral e no Sector Público autonómico de Galicia**, co obxectivo de uniformizar a actuación de todos os órganos da Administración autonómica.

En efecto, estas Guías, foron un avance mais na simplificación de procedementos administrativos, dirixidas a servir de axuda a todos os órganos e unidades da Administración galega na elaboración de novos proxectos de disposicións de carácter xeral que se publicasen no DOG.

Así, estas Guías conteñen os actuais criterios de racionalización, simplificación e redución de cargas administrativas a utilizar na Xunta de Galicia, ademais da estandarización e normalización dos formularios a utilizar de forma homoxénea en todas as normas que regulen procedementos, dada a gran diversidade de modelos e tipos de formularios e impresos existentes ata ese momento.





### 3.6. Lei de racionalización do sector público autonómico.

Como xa se indicou, a recente aprobación da Lei de racionalización do sector público autonómico, levou a incorporar estas iniciativas nunha norma con rango de lei, de forma que a existencia da Guía de procedementos e servizos da Xunta de Galicia así como o proceso de revisión funcional para a súa simplificación e racionalización, xa teñen cobertura legal en Galicia, de acordo co compromiso adquirido de reducir as cargas administrativas nas nosas relacións coa cidadanía.

## 4. SITUACIÓN ACTUAL

### 4.1. Sede electrónica

No momento de entrada en vigor da sede electrónica da Xunta de Galicia, unicamente 120 procedementos administrativos admitían a presentación telemática (o 8,40% dos 1.429 procedementos recollidos na guía nese momento).


Con datos pechados a 31 de decembro de 2013, existen un total de 1.563 procedementos que a Xunta de Galicia pon a disposición da cidadanía, dos que máis de 600 (605) poden ser iniciados electrónicamente a través da sede electrónica (o 38,68%). Isto supón un aumento da incorporación á sede electrónica en tan so dous anos, dun **30,23 %** en relación aos procedementos electrónicos dispoñibles no momento da posta en funcionamento da sede electrónica. Polo tanto, a creación desta sede supuxo un gran avance con respecto a situación anterior.

No seguinte gráfico móstrase a evolución do número de procedementos nos que o cidadán pode relacionarse telemáticamente coa administración galega.





### Evolución dos procedementos administrativos dispoñibles na sede electrónica



Trátase maioritariamente de procedementos regulatorios de axudas e subvencións que a Xunta publica no Diario Oficial de Galicia, e polo tanto, suxeitos a prazo determinado e obxecto de publicación anual.

Por consellerías, o número de procedementos dispoñibles na Sede electrónica amósanse nas seguintes estatísticas.


Consellería	Presentación electrónica		Total
	si	non	
Presidencia da Xunta de Galicia	40	11	51
Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, AA.PP. e Xustiza	64	120	184
Consellería de Facenda	0	4	4
Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas	57	144	201
Consellería de Economía e Industria	123	225	348
Consellería de Cultura, Educación e O. Universitaria	74	96	170
Consellería de Sanidade	9	56	65
Consellería de Traballo e Benestar	102	109	211
Consellería do Medio Rural e do Mar	136	194	330
<b>TOTAL</b>	<b>605</b>	<b>959</b>	<b>1.564</b>







### Distribución dos procedementos segundo a súa presentación



#### Presidencia da Xunta de Galicia



#### Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza



#### Consellería de Facenda



#### Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas





**Consellería de Economía e Industria**



**Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**



**Consellería de Sanidade**



**Consellería de Traballo e Benestar**



**Consellería do Medio Rural e do Mar**



Aínda que o uso da presentación electrónica non resulta masiva, a promoción desta posibilidade a través de diversas campañas informativas e a incorporación progresiva de maior número de trámites a través da vía telemática, deu como resultado un incremento notable do número de presentacións levadas a cabo no último ano en relación a anos anteriores.


Como amosa a seguinte gráfica, durante todo o ano 2013, presentáronse na sede electrónica un total de 17.228 procedementos, feito que trouxo consigo un






**aforro de preto de 1.300.000 € (1.292.100 €)**, soamente por ter sido iniciados deste xeito electrónico e non de forma presencial.

### Evolución presentacións electrónicas na sede electrónica da Xunta de Galicia



### Nº de presentacións por consellerías.

#### Presentacións sede electrónica por consellería 2013



Non obstante, aínda que estes resultados supoñen un gran éxito no avance cara a e-administración, o compromiso da Xunta de Galicia é acadar o 100% da tramitación online de todos os seus procedementos administrativos avanzando





cara unha política cero papel, e continuar adoptando medidas que permitan a simplificación, racionalización e redución das cargas administrativas.

Así pois, tal e como consta na Guía de procedementos e servizos da Xunta de Galicia, aínda restan 959 procedementos que non admiten a posibilidade de que os cidadáns poidan inicialos electrónicamente por estar regulados en normas dos distintos departamentos da Xunta de Galicia, anteriores á entrada en vigor da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos. Ademais, e dado que a maioría destes procedementos non son obxecto de convocatoria anual posto que prevén prazos de presentación abertos no tempo, aínda non foron revisados.

#### 4.2. Simplificación administrativa e redución de cargas

O sistema de medición e redución de cargas administrativas permitiu levar a cabo a aplicación dunha serie de medidas de simplificación e redución nos mais de 600 procedementos administrativos que se atopan na Sede electrónica. Desta forma, en cada un deles procedeuse a aplicar as seguintes medidas, entre outras:

- Supresión das cargas administrativas a través da eliminación de obrigas innecesarias, repetitivas ou obsoletas.
- Eliminación ou simplificación de trámites, a través da:
  - Substitución da obriga de achegar documentación por declaración responsable: por exemplo, a certificación da conta bancaria.
  - Eliminación de redundancia ou solapamento de normas que implican a reiteración dunha mesma carga.
  - Inscripción de oficio nun rexistro tras a presentación dunha declaración responsable ou obtención dunha autorización.





- Simplificación documental, a través de:
  - Non solicitude de documentos expedidos ou datos que xa estean en poder da Administración da Xunta (como o certificado de discapacidade, o recoñecemento de familia numerosa ou as inscricións rexistradas nos correspondentes Rexistros da Comunidade Autónoma).
  - Solicitude unicamente da documentación imprescindible.
  - Simplificación dos formularios e unificación de formatos en todo o posible.
- Impulso da Interoperabilidade. A través do nodo de interoperabilidade é posible a obtención de información que xa obra en poder das distintas Administracións Públicas. Así, á data de elaboración do presente Plan foron eliminadas as obrigas para o cidadán de presentar os seguintes documentos:
  - A fotocopia do documento nacional de identidade ou documento equivalente.
  - O certificado de empadramento como documento probatorio do domicilio e a residencia.
  - O certificado de estar ao corrente ou non ter débedas con Facenda, a Seguridade Social ou coa Xunta de Galicia.
  - O certificado da situación de desemprego así como os importes percibidos nesa situación.
  - O certificado de familia numerosa.






### 4.3. Redución dos tempos de resposta

Dentro do proceso de redución de cargas administrativas, e derivado do compromiso adquirido polos Estados membros de reducir as cargas nun 20% dende a Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa xa se está a impulsar como medida indirecta para a redución das cargas administrativas a redución dos prazos legais e efectivos na tramitación dos procedementos a lo menos nun 20%, que require do compromiso de colaboración de todos os centros directivos implicados da Xunta de Galicia.

Deste xeito, dun total de 386 procedementos que foron publicados ao longo do ano 2013, 240 reduciron os seus tempos de tramitación dando lugar a unha importante minoración nos tempos de resolución dos mesmos tal e como amosan as seguintes **gráficas e datos**:

- A modo global, un 62% dos procedementos publicados no DOG durante o ano 2013 minorou os seus prazos de resolución:




- En concreto, e atendendo a súa distribución por consellerías, o número de procedementos publicados por cada unha delas tendo en conta se reduciron ou non os seus prazos de resolución foron:






### Procedementos publicados no ano 2013



- E por porcentaxes:

### Procedementos publicados no ano 2013




- Por outra banda, e atendendo á porcentaxe de redución que cada departamento da Xunta de Galicia aplicou aos seus procedementos:





### Reducción dos tempos de resolución por consellerías



Do resultado da gráfica anterior, resulta que de media, a Xunta de Galicia axilizou a súa actividade administrativa durante o ano 2013 nun **26,55%**.

Tal e como amosan as gráficas anteriores, vemos que a incidencia da redución dos prazos de tramitación por consellerías difire dunhas a outras, tanto en relación ao número de procedementos sobre os que se actuou como en relación á porcentaxe de redución aplicada.


Deste xeito e para coñecer a causa disto é necesario comparar a media de meses empregados por cada departamento en tramitar os seus procedementos antes e despois de aplicar a redución.







### Redución dos prazos de resolución por consellerías (meses promedio)



Así, vemos como as consellerías que contaban cuns prazos de tramitación mais amplos, reduciron os tempos nun maior número de procedementos, mentres que naquelas nas que os mesmos xa estaban axustados, a incidencia da redución foi menor.

## 5. PLAN ACHEGA: OBXECTIVO

No contexto anterior xorde o presente **Plan de Axilización Administrativa: 2014-2016. Plan Achega**. Un plan que ten por obxectivo **aproximar á Administración galega á cidadanía mediante a adopción das medidas necesarias para incorporar todos os procedementos administrativos á sede electrónica da Xunta de Galicia, reducir os tempos de resolución, simplificar trámites e facilitar a presentación de documentos non susceptibles de supresión, axilizando así a prestación dos servizos públicos a disposición dos cidadáns.**





## 6. LIÑAS DE ACTUACIÓN

### 6.1. Revisión de procedementos administrativos

A primeira liña de actuación – a revisión de todos os procedementos administrativos da Xunta de Galicia e a súa incorporación á sede electrónica da Xunta de Galicia -, constitúe un dos eixos centrais do Plan Achega.

Para iso, revisaranse os 958 procedementos que se relacionan no ANEXO I do presente Plan e que constan na Guía de procedementos e servizos da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.es/guia-de-procedementos>) os cales, por tratarse de procedementos estáticos e estar vixentes e inmóbiles dende fai anos non admiten a presentación electrónica, permitindo unicamente a presentación presencial por parte dos seus destinatarios.

Dita revisión realizarase en **dúas fases**:

1. En primeiro lugar, procederanse a revisar os 618 procedementos que non son obxecto de convocatorias anuais por ser o seu prazo aberto no tempo e susceptibles de ser iniciados pola cidadanía en calquera momento.

Dado que esta revisión, á data de aprobación do presente Plan, xa deu comezo dende o pasado mes de xaneiro dada a súa envergadura, prevese que neste mesmo primeiro trimestre de 2014 estes procedementos xa estean revisados e preparados para o inicio do proceso de adaptación normativa prevista no punto 6.5. do presente Plan.

2. En segundo lugar e nunha segunda fase, procederanse a revisar os 340 procedementos restantes que están suxeitos a prazo cerrado e, por estar regulados en normas anteriores á lei 11/2007, aínda non lles foron aplicadas as pautas de simplificación existentes hoxe en día.

Estes procedementos prevese que estean revisados e listos para o comezo da súa adaptación no segundo trimestre do presente ano 2014.





## - Constitución de grupos de traballo

A colaboración de todos os departamentos da Xunta de Galicia na revisión dos procedementos regulados polas súas respectivas disposicións de carácter xeral resulta fundamental para a eficacia e a operatividade na aplicación das distintas medidas de simplificación a todos os procedementos administrativos.

Estes grupos de traballo, que a data do presente Plan tal e como se indicou xa comezaron os seus traballos de revisión, están formados polos responsables de cada un dos procedementos das Consellerías e departamentos da Xunta de Galicia e coordinados pola Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa.

## 6.2. Simplificación de procedementos e trámites

Os traballos de revisión levaranse a cabo tendo en conta as pautas de simplificación xa recollidas nas Guías de habilitación de procedementos e textos normalizados aprobadas polo consello da Xunta de Galicia o 25 de abril de 2013.

Así, a revisión destes procedementos administrativos terá como fins inmediatos:

1. A redución de cargas administrativas mediante a simplificación documental.
2. O impulso da administración electrónica, a través da incorporación á sede electrónica do 100% dos procedementos administrativos, posto que esta é unha forma clara e evidente de simplificación de procedementos. Neste proceso só quedarían excluídos aqueles procedementos cuxas características tecnolóxicas impidan a súa incorporación a mesma.
3. A eliminación ou supresión de procedementos obsoletos ou non utilizados dende hai anos e que aínda constan na Guía de procedementos e servizos.
4. A redución dos prazos de tramitación ou de resposta da Administración ata alcanzar o 20%. Tendo en conta que, tal e como se indicou, na Xunta de Galicia estanse a reducir os tempos de resolución dos procedementos nun





26% de media, estamos en condicións de establecer dita minoración como un compromiso de obrigado cumprimento por parte de toda a organización administrativa co obxecto de acadar unha maior axilidade nos nosos trámites de forma que se de resposta nun menor prazo de tempo ás necesidades da cidadanía.

Así, e unha vez que remate o Plan, mais de 900 procedementos terán sido revisados, simplificados, reducidos os seus prazos, eliminadas as súas cargas inxustificadas e postos a disposición da cidadanía na sede electrónica da Xunta de Galicia.

### 6.3. Impulso da Interoperabilidade.

A través do presente Plan, impulsarase a eliminación dos documentos que progresivamente se incorporen na plataforma de interoperabilidade. Deste xeito, o grado de simplificación nun gran número de procedementos e polo tanto, a diminución de cargas administrativas, dependerá dos documentos que a Administración poida obter directamente sen obrigar ao cidadán a presentalos.

Así pois, e dentro do marco temporal do presente Plan, incluíranse dentro da Interoperabilidade os servizos que se detallan a continuación, priorizando aqueles de maior impacto sobre os que se actuará de forma preferente.

- TGSS - Estar dado de alta na SS
- SPEE - Consulta de importes de prestacións percibidas a data actual
- SPEE - Consulta de importes de prestacións percibidas nun período
- SPEE - Consulta de situación de desemprego
- INSS - Consulta das prestacións do Rexistro de Prestacións Sociais Públicas, Incapacidade Temporal e Maternidade
- Dirección Xeral do Catastro - Consulta de bens inmobles





- Dirección Xeral do Catastro - Certificación de titularidade
- Familia Numerosa Autonómico
- Discapacidade
- AEAT - Estar ao corrente de pago de obrigacións tributarias para a solicitude de axudas e subvencións
- AEAT - Contas bancarias
- AEAT - Certificado da renda das persoas físicas
- AEAT - Domicilio fiscal
- Rexistro Civil - Certificado de matrimonio
- Rexistro Civil - Certificado de defunción
- Rexistro Civil - Certificado de nacemento
- Dirección Xeral do Catastro - Obtención de descritiva e gráfica
- AEAT - Estar ao corrente de pago de obrigacións tributarias para a contratación coas AAPP
- AEAT - Estar ao corrente de pago de obrigacións tributarias para a obtención de licenzas de transporte
- AEAT - Estar ao corrente de pago de obrigacións tributarias para a tramitación de permisos de residencia e traballo para estranxeiros
- AEAT - Imposto de Actividades Económicas (IAE)
- Ministerio de Facenda e Administracións Públicas - Cambio de domicilio
- Dirección Xeral de Seguros - Consulta de entidades aseguradoras e reaseguradoras





- Ministerio de Educación - Títulos universitarios
- Ministerio de Educación - Títulos non universitarios
- Servizo de consulta da situación de débeda coa Axencia Tributaria de Galicia
- Situación de desemprego no Servizo Público de Emprego de Galicia a data determinada
- Certificado de Parella de feito

Non obstante e ao tratarse dun proceso dinámico, o número de servizos a incorporar pode ser obxecto de variación e por conseguinte, pode ser incrementado.

#### 6.4. Impulso do mercado interior.

Mención aparte merecen as actuacións de simplificación normativa, clarificación e eliminación de cargas nos distintos procedementos administrativos vinculados coa prestación de servizos.

Así dentro da revisión dos procedementos administrativos que agora comeza, identificaranse aqueles que recollan principios ou/e supoñan barreiras á unidade de mercado ou obstaculicen o libre acceso ou exercicio das actividades económicas por recoller actuacións administrativas innecesarias ou desproporcionadas, co fin de adaptarse ao proceso de revisión normativa que derivará da Lei 20/2013, de 9 de decembro, de garantía da unidade de mercado.

Unha vez identificados e avaliados polos grupos de traballo, instarase á Consellería competente por razón da materia, de selo caso, á correspondente adaptación normativa a través da súa posible modificación, derogación, ou revisión.





## 6.5. Adaptacións normativas.

Unha vez rematen as actuacións de revisión será necesario proceder ás adaptacións dos procedementos administrativos sobre os que se apliquen as medidas de simplificación. En concreto, as actuacións serán as seguintes:

1. Aprobación polo Consello da Xunta dun decreto que habilite ao Vicepresidente da Xunta de Galicia para proceder á incorporación á Sede electrónica dos procedementos administrativos revisados, eliminar ou simplificar a documentación esixida nos mesmos e reducir os respectivos prazos de tramitación establecidos. Este decreto habilitará a que estas adaptacións se realicen a través da aprobación da Orden correspondente por cada unha das Consellerías.

Esta habilitación efectuarase en función da súa competencia como órgano transversal encargado de impulsar as actuacións de modernización, simplificación e redución de cargas administrativas.

Dito Decreto de habilitación está previsto que se aprobe polo Consello da Xunta o vindeiro mes de marzo, logo de rematar a primeira fase de revisión.

2. Unha vez aprobado o decreto, procederanse a incorporar os procedementos administrativos na Sede electrónica da Xunta de Galicia, xunto cos formularios e modelos elaborados e normalizados polo grupo de traballo.

Esta incorporación realizarse de xeito progresivo mediante a aprobación, tal e como se indicou, das Ordes respectivas por cada unha das Consellerías.

Este proceso comezará no segundo trimestre de 2014 e prevese que estea rematado no segundo trimestre de 2015.

3. Elaboración dun novo regulamento que supere o existente do ano 2008 (decreto 255/2008, de 23 de outubro) coa finalidade de unificar e recoller nunha única normativa a nova realidade e as novas obrigas de simplificación





documental e redución de cargas administrativas. Así, abordaranse os seguintes aspectos:

- A supresión de nova documentación e a previsión da súa substitución por declaracións responsables.
- A eliminación de duplicidades.
- A redución de tempos de tramitación recollendo a súa obrigatoriedade en anos sucesivos.
- A obrigatoriedade de dar cumprimento á interoperabilidade existente non esixindo os documentos que hoxe en día poden ser consultados pola Xunta de Galicia, así como aqueles que se vaian incorporando á mesma con posterioridade ao ser un proceso dinámico.
- A eliminación de todas as autorizacións non xustificadas aínda en vigor, e a súa substitución por declaracións responsables e comunicacións previas.
- A regulación dos procedementos aos que se lles poda aplicar o SERI (servizo de resposta inmediata) e a modificación do sistema de incorporación a este servizo, co obxecto de que sexa mais dinámica e áxil.

#### 6.6. Seguimento das actuacións previstas no Plan:

Co obxecto de dar conta do grado de cumprimento de cada unha das liñas de traballo incluídas no presente Plan, elevarase ao Consello da Xunta de Galicia un informe semestral onde se detallen as actuacións levadas a cabo e os resultados obtidos en cada unha delas.

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2014.





**ANEXO I- PROCEDIMIENTOS ADMINISTRATIVOS QUE NON TEÑEN PRESENTACIÓN ELECTRÓNICA OBXECTO DE REVISIÓN.****PROCEDEMENTOS ADMINISTRATIVOS QUE NON TEÑEN PRESENTACIÓN ELECTRÓNICA E SON OBXECTO DE ANALISE****PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA**

<b>Código</b>	<b>Denominación</b>
CT980A	Homologación de cursos que realicen as guías de turismo
CT987A	Autorización de instalación de cámping
PR803A	Axudas a ONGD para a execución de proxectos de cooperación ao desenvolvemento no exterior.
PR907A	Subvencións a concellos, mancomunidades de concellos e consorcios locais, para a realización de programas destinados a favorecer os procesos de acollida e integración da poboación inmigrante extracomunitaria na Comunidade Autónoma galega durante o ano 2011
PR907B	Subvencións a entidades sen ánimo de lucro, para a realización de programas destinados a favorecer os procesos de integración da poboación inmigrante extracomunitaria na Comunidade Autónoma Galega .
PR923A	Cursos de lingua galega para os niveis CELGA e de extensión cultural.
PR923E	Programa de escolas abertas presenciais 2013 para persoas xurídicas.
PR923H	Programa de escolas abertas presenciais 2013 para persoas físicas.
PR924A	Axudas a entidades galegas para prestacións de servizos asistenciais a favor dos emigrantes galegos.
PR924D	Axudas a entidades asociativas de emigrantes galegos no exterior para a mellora de dotacións e equipamentos.
PR924E	Axudas para o acondicionamento e dotación e/ou renovación de fondos das bibliotecas pertencentes ás entidades galegas no exterior
PR924G	Accións informativas na Galicia exterior.
PR924H	Axudas para a realización de proxectos creativos, formativos, de participación e intercambio promovidos pola xuventude.
PR924J	Axudas para financiación dos gastos de funcionamento das entidades galegas no exterior.
PR926C	Programa 'ven a Galicia, ben en Galicia'.
PR927A	Axudas para estudos universitarios destinados a emigrantes galegos ou ós seus descendentes.
PR945F	Subvencións a concellos para a realización de obras de construción, mellora, acondicionamento e reforma de instalacións e espazos deportivos e para a adquisición de equipamentos deportivos



Código	Denominación
PR945G	Subvencións a concellos de Galicia para a adquisición de equipamentos deportivos
PR945H	Subvención ás entidades deportivas sen ánimo de lucro, para a adquisición de equipamentos deportivos
PR946A	Rexistro de entidades deportivas.
PR948A	Cualificación dos deportistas galegos de alto nivel.
TU223A	Modelo de solicitude FOMIT
TU983I	Subvencións a empresas privadas para a potenciación do turismo mediante a mellora de establecementos restaurantes.
TU984D	Apertura e clasificación de establecementos hoteleiros
TU984R	Cambios - baixas de empresas e actividades turísticas de servizos complementarios.
TU984T	Modificacións e baixas das empresas e actividades turísticas de turismo deportivo e calquera outra de especial interese turístico
TU984U	Peches temporais de establecementos turísticos
TU986A	Informe previo indicativo para a apertura, construción ou modificación dun establecemento turístico
TU989A	Subvencións a empresas privadas para a mellora de establecementos hoteleiros do grupo I e a creación ou mellora da súa oferta complementaria .

### VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Código	Denominación
PR203A	Rexistro de colexios profesionais.
PR203B	Rexistro de consellos galegos de colexios profesionais.
PR204A	Recoñecemento á asistencia xurídica gratuíta.
PR204B	Impugnación da resolución da comisión de asistencia xurídica gratuíta.
PR204C	Insostenibilidade da pretensión de asistencia xurídica gratuíta.
PR204D	Queixas e reclamacións por actuacións dos profesionais nos casos de asistencia xurídica gratuíta.
PR204F	Xustificación da compensación económica por xustiza gratuíta.
PR212A	Rexistro de parellas de feito
PR252A	Curso superior de linguaxe xurídica galega para o persoal ó servizo da Administración de Xustiza.
PR252B	Curso de linguaxe xurídica galega para o persoal ó servizo da Administración de Xustiza.
PR252C	Cursos de linguaxe xurídica (niveis medio e superior ) para o persoal ao Servizo da Administración de Xustiza e outros colectivos relacionados coa xustiza
PR303A	Permiso de apertura e inscrición da autorización de instalación dunha sala de bingo.
PR303B	Autorización de modificación de sala de bingo.



Código	Denominación
PR303C	Cancelación da inscrición de sala de bingo.
PR303E	Autorización do uso de aparellos auxiliares do xogo do bingo e de xestión de pagamento mediante tarxetas de crédito
PR303F	Instalación de caixeiros e/ou datáfonos nas salas de bingo da comunidade autónoma de Galicia
PR304A	Outorgamento do documento profesional a empregados de sala de bingo en casino.
PR305A	Autorización para a instalación de casinos de xogo
PR305B	Autorización para as modificacións de condicións de instalación e/ou apertura de casinos de xogo
PR306A	Autorización para a apertura de casinos de xogo
PR307A	Inclusión na lista de prohibidos da Comunidade Autónoma Galega.
PR307B	Autorización para rifas e tómbolas.
PR308A	Rexistro de asociacións.
PR309A	Modificación dos datos e dos estatutos das asociacións.
PR309B	Inscrición de adaptación dos estatutos á L.O. 1/2002
PR309C	Modificación xunta directiva.
PR310A	Rendición de contas asociacións de utilidade pública.
PR311A	Disolución de asociacións.
PR320A	Autorización e inscrición no Rexistro de Empresas de Máquinas de Xogo da Comunidade Autónoma de Galicia.
PR320B	Cancelación de inscrición no rexistro de empresas de máquinas de xogo seccións I a V.
PR320C	Modificación de inscrición no rexistro de máquinas de xogo seccións I a V.
PR323A	Autorización e inscrición no rexistro de empresas de xogo de bingo.
PR324A	Autorización para a instalación dunha sala de bingo.
PR326I	Comunicación de cesión de inscrición de modelos.
PR326M	Comunicación de modificación non substancial de inscrición no rexistro de modelos.
